



ORDENANZA N° 24:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE CONTROL DE CALIDADE NA EXECUCIÓN DE OBRAS NA VÍA PÚBLICA E NA REPOSICIÓN DE PAVIMENTOS

—2019—



I ACORDO DE IMPOSICIÓN DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE CONTROL DE CALIDADE NA EXECUCIÓN DE OBRAS NA VÍA PÚBLICA E NA REPOSICIÓN DE PAVIMENTOS

De conformidade co disposto nos artigos 15.1 e 17 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e visto o informe económico a que se refire o artigo 24.2 desta última, o Excmo. Concello Pleno: “Acorda o establecemento das taxas pola prestación dos servizos de control de calidade na execución de obras na vía pública e na reposición de pavimentos”.

II ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE CONTROL DE CALIDADE NA EXECUCIÓN DE OBRAS NA VÍA PÚBLICA E NA REPOSICIÓN DE PAVIMENTOS

ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE.

1.1 Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos de seguimento das obras en vía pública reguladas na “Ordenanza xeral reguladora das obras e as conseguintes ocupacións necesarias para a implantación de servizos na vía pública” no relativo a:

- a) Control dos materiais utilizados nos recheos de gabias e restitución de pavimentos, mediante ensaios normalizados que indiquen a idoneidade de aquelas.
- b) Correcta posta en obra dos materiais.

1.2 Segundo se dispón no “Anexo III da Ordenanza reguladora das obras e as conseguintes ocupacións necesarias para a implantación dos servizos na vía pública” (BOP nº 18 de 25 de xaneiro de 2002), Cadro III. 10, os controles para admisión de materiais e calidade de execución de obras que constitúen os servizos obxecto desta Ordenanza fiscal serán os seguintes:

- Comprobación de características xeométricas de gabias (anchura, profundidade, distancia a conducións e outros servizos, nivelación e limpeza de fondo e outros).
- Comprobación de consistencia e resistencia de compresión nos formigados de soleiras e prismas.
- Ensaos de materiais de recheo: densidades, granulometrías e outros.
- Ensaos de materiais que conforman o firme: formigóns (ensaos de resistencia á flexotracción e consistencia) e aglomerados bituminosos (ensaos Marshall, granulometrías de áridos, de desgaste e outros).



ARTIGO 2. SUXEITOS PASIVOS.

1. Son suxeitos pasivos obrigados ó pagamento das taxas reguladas na presente Ordenanza as persoas naturais ou xurídicas solicitantes e/ou titulares da correspondente licenzia.

2. Segundo dispón o artigo 26 da “Ordenanza Xeral Reguladora das obras e as conseguintes ocupacións necesarias para a implantación de servizos na vía pública” poderá ser solicitante de licenzia de obra na vía pública:

- a) Empresa subministradora de servizos.
- b) Titular de obra ou instalación que precisa actuar sobre a vía pública.
- c) No caso de pasaxes permanentes, os titulares de inmobles ou parcelas ós que serven.

ARTIGO 3. BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE.

Tomarase como base imponible que en tódolos casos coincidirá coa base liquidable o presuposto de execución material da obra.

ARTIGO 4. TIPO IMPOSITIVO E COTA.

A cota a ingresar será a resultante de aplicar á base liquidable o tipo do 4%.

ARTIGO 5. XESTIÓN.

5.1. As taxas reguladas na presente ordenanza esixiranse en réxime de autoliquidación, debendo o suxeito pasivo, no momento de presenta-la correspondente solicitude de licenzia, acredita-lo ingreso do importe total estimado da débeda tributaria.

5.2. Procederá a devolución de oficio do importe ingresado por estas taxas, no caso de que a solicitude de licenzia fose denegada.

ARTIGO 6. INFRACCIÓN E SANCIÓN.

No relativo á infraccións tributarias desta Ordenanza será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral, Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAIS

1ª No non previsto na presente Ordenanza Fiscal será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral, Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2ª Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do 2003 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.